


Documento distribuído por
 culturagalega.org

Fragmentos documentais referidos a Urraca I



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Consideracións dun clérigo cronista e misóxino

Desaparecido aquel [Alfonso VI] e posto que carecía de descendencia masculina que puidera sucederlle, Urraca, a filla lexítima que enxendrara, obtivo todo o reino de España. Gobernou, sen embargo, tiránica e mullerilmente durante dezasete anos e concluíu, de parto adulterino, a súa infeliz vida no castelo de Saldaña o sexto día dos idus de marzo da era de MCLXIII.

Fonte : PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 12.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

Escrito de Lucas de Tui no texto latino *Chronicon Mundi*. Asocia as primeiras vodas de Urraca á necesidade de reprodución da estirpe.

Vendo o Rei que non tiña fillo que reinara despois del, entregou á súa filla primoxénita Urraca ao conde Raimundo, nobilísimo varón da rexia estirpe dos godos, para que de tal unión se suscitara a semente dos reis. O conde Raimundo enxendrou na súa esposa Urraca á súa filla primoxénita Sancha e ao seu segundo fillo, Alfonso.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 31.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

O redactor da *Historia Compostelana* pon en boca de Alfonso VI a decisión tomada respecto do dereito sobre Galicia de Urraca e do seu neto, dirixíndose aos cónsules e príncipes reunidos en León.

O pai do neno obtivo todo o goberno e todo o dereito de Galicia e por iso a todos vós, que en vida de aquel tivéstedes os seus dereitos e señoríos e despois da súa morte inda os tendes, declárovos sen dúbida servidores do seu fillo, o meu neto, e déixolle toda Galicia en herdanza no caso de que Urraca, a súa nai, queira casar.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 39.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

Testemuña directa do monxe autor da primeira *Crónica de Sahagún* que estando presente na morte de Alfonso VI, puido oír como o rei deixaba o reino á súa filla Urraca.

Foron inda outros presentes don Bernardo, da dita igrexa toledana arcebispo, e don Pedro, bispo de Palencia, e case tódolos nobres e condes de España, os cales oíndoo, deixou o señorío do seu reino á dita dona Urraca a súa filla, a cal cousa aconteceume oír, porque eu estaba alí presente.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 99.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

O autor da *Crónica de Sahagún* recolle as razóns polas que Urraca se ve na obriga de casar de novo debido á súa condición de muller.

Ti non poderás gobernar, nin reter o reino de teu pai e a nós rexer, se non tomares marido. Polo cal dámosche por consello que tomes por marido ao rei de Aragón, ao cal ningún de nós poderá contrastar nin contradicir, máis todos lle obedecemos por canto el ven de xeración real.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 42.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

Crónica de Giraldo de Beauvais que na *Historia Compostelana* pon en boca da propia raíña as verbas que lle dirixe ao seu parente o Conde Fernando, buscando consello ante a proposta que lle fan Pedro Fróilaz e Diego Xelmírez de coroar rei ao seu fillo Alfonso.

Pois é coñecido por ti e todos os que habitan o reino de España que meu pai, o emperador Alfonso, ao achegarse a hora da súa morte, entregoume en Toledo todo o seu reino e ao meu fillo Alfonso, o seu neto, Galicia, se eu casaba, e despois da miña morte legoulle por dereito de herdanza o poder sobre todo o reino. Así a case tódolos cónsules e outros que en España teñen poder, quen por entón se reuniran en Toledo para marchar nunha expedición contra os almorábides, dos que a uns educara dende a nenez, a outros enriquecera con abundancia sacándoos da pobreza, a outros elevándoos dende a súa humilde orixe facéndoos nobres, ordeóulles que se presentaran ante el benignamente someteunos ao meu poder, para que me serviran e encomendou encarecidamente a miña persoa e o reino á súa fiel custodia, prohibíndome e advertíndome que non me atrevera a dispor en modo algún nada grave ou arduo sen a vontade e común consello destes. E así sucedeu que, despois da morte do meu pai, segundo a disposición e parecer de aqueles que casei contra a miña vontade co

sanguinario e cruel tirano aragonés, uníndome infelizmente a el en nefando e execrable matrimonio.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 42-43.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

Parte da homilía pronunciada por Diego Xelmírez o día 24 de xuño de 1113 na igrexa de San Xoán en Burgos segundo transmite a *Historia Compostelana*. O bispo fala da lexitimidade do poder da raíña e o seu fillo fronte a Alfonso I de Aragón.

Pero despois que o rei Alfonso, ao pagar a súa débeda coa natureza, deixou o seu reino á raíña Urraca e ao seu neto, o pequeno rei Alfonso, e a eles pasou por dereito o cetro do imperio, ao punto que comezou a aparecer a discordia. Deseguida que os dereitos da igrexa foron totalmente violados, os caudillos, os príncipes e tódolos próceres de España foron debilitados e reducidos á desidia. A súa antiga virtude ocultouse por completo. Pois nós sabemos que a raíña Urraca e o seu fillo o rei Alfonso, deben posuír por dereito o reino que lles foi entregado e que mentres vivan non pode transferirse o reino a outros.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 110.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

Urraca fai unha descrición do trato que lle profesa o seu segundo marido Alfonso I de Aragón “O Batallador”.

Cales e cantas deshonras, dores e tormentos padecín mentres estiven con el, ningún mellor que a túa prudencia o sabe: pois non só me deshonraba continuamente con torpes palabras, senón que toda a persoa nobre ha de lamentar que moitas veces o meu rostro fora manchado coas súas sucias mans e que eu fora golpeada polo seu pé.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 44.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.

Conversa de Urraca co conde Fernando na *Historia Compostelana*. Ponse de manifesto unha diferenza educacional e de formación cultural entre ela mesma e o seu segundo marido Alfonso I de Aragón.

Pois, mancillado na súa mente co sacrilexio, educado sen ningunha discreción, confiando en augurios e adiviños, crendo irracionalmente que os corvos e as cornexas poden danarnos, evita, como se se avergonzara, aos homes sabios e nobres, facéndose compañeiro de viles sinvergonzas, altérase ao menor ruído, aprecia con gusto o execrable trato cos apóstatas e desdeña o culto divino da Igrexa e aos relixiosos menospreciándoos.

Fonte: PALLARES MÉNDEZ, M^a.C. e PORTELA, E., *La reina Urraca*, Madrid, Nerea, 2006, p. 45.

Tradución ao galego de Eva Vieites Salmonte.